-30 colchonetas madianas con aparello porta colchonetas

-16 esterillas

-21 aros grandes e 21 pequenos

-18 cordas individuais + 2 de grande lonxitude

-15 picas

-30 steps

-12 gomas elásticas de tonificación

-14 xogos de mancuernas de 1 kg

-5 xogos de mancuernas de 1,5 kg

-7 xogos de mancuernas de 2 kg

-7 balóns medicinais (3 de 3 kg ,e 4 de 4 kg)

-1 Bicicleta estática

-1 Cinta rodante eléctrica

-1 stepper

BALONMÁN:

-5 balóns

1os AUXILIOS:

-1 boneco "multiman" (4 torsos) simuladores e 1 boneco ¿bebé¿ simulador para a práctica da R.C.P para a práctica da R.C.P

DEPORTES E XOGOS ALTERNATIVOS:

-60 raquetas de bádminton (10 son de deporte escolar)

-10 botes de volantes plástico

-2 redes de bádminton plegables

-1 rede de bádminton de 40 metros

-30 freesbes

-17 manoplas pegabola + 5 bolas

- 10 pares de zancos madeira + 7 de iniciación
- 10 anelas de plástico
- 7 raquetas de shuteball
- 5 pelotas de béisbol
- 2 bates de espuma en mal estado, 1 de goma e 1 de madeira
- 2 guantes para catcher
- 2 soportes de iniciación o béisbol
- 4 balóns de espuma de Rugby
- 5 xogos de petanca
- 2 mesas de tenis de mesa. Uso para deporte escolar
- 6 botes pelotas tenis
- 30 palas madeira grandes + 8 pelotas
- 12 palas pequenas + 10 pelotas pequenas
- 5 pelotas xigantes

OUTROS:

- 3 cintas métricas de 20 m.
- 2 cintas métricas de 15 m.
- 2 cintas métricas de 10 m.
- 1 cinta métrica de 25 m.
- 1 compresor eléctrico
- 3 bombíns manuais
- 2 xogos de multiconos
- 2 radiocasetes
- 4 radios
- 2 silbatos
- 3 cronómetros
- 9 bancos para vestiarios
- 1 botiquín
- 2 deshumidificadores
- 11 petos vermellos, 9 azuis, 18 verdes
- 7 picas
- 2 estufas
- 2 saltómetros cunha cinta elástica

-Os recursos informáticos dos que estamos dotados neste curso son:

Un ordenador portátil para traballar no ximnasio.

Un ordenador Edixgal cedido á xefa de departamento.

Os membros do departamento elaboramos o material co que traballa o alumnado en tódolos cursos. Coa plataforma Edixgal na ESO e coa Aula Virtual en bacharelato.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial desenvolverase ao inicio de cada Unidade Didáctica para comprobar os coñecementos previos que posúe o alumnado sobre os contidos da mesma.

Os procedementos de avaliación poderán ser variados, tanto probas escritas, como observación directa de tarefas específicas nas primeiras sesións, ou mediante cuestionarios orais. O instrumento para a avaliación inicial dependerá do contido da U.D.

Unha vez feita, a persoa docente valorará a necesidade de realizar adaptacións nos diferentes apartados da programación, de ser o caso.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	34	33	33	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A Programación Didáctica consta de 3 UD. Estas están distribuídas trimestralmente, de tal xeito que a 1ª impartirase no primeiro trimestre principalmente, pero tamén no segundo e no terceiro, cun peso total do 34%; a 2ª impartiranse no segundo trimestre cun peso total do 33%, e a 3ª impartiranse no terceiro trimestre cun peso total do 33%. No número de sesións asignado a cada UD contémpanse tamén a/as sesións dedicadas á avaliación.

O peso de cada UD estableceuse en función do número de sesións e do contido da mesma.

Para a cualificación de cada Unidade Didáctica teremos en conta, para cada Criterio de Avaliación, os mínimos de consecución establecidos e o seu peso orientativo (establecido en cada UD).

Tendo en conta estes elementos, para a superación de cada unidade didáctica o alumnado deberá acadar os mínimos de consecución establecidos, nun peso orientativo global igual ou superior ao 50%. No caso de detectarse dificultades nalgún alumno ou alumna, adoptaránse as medidas de reforzo educativo necesarias.

O valor numérico da nota irá dende o 1 ao 10, redondeando á unidade máis próxima, (ata 5 cara abaixo e dende 6 cara arriba), e para considerar superada a U.D., o trimestre e o curso o alumnado debe acadar unha puntuación mínima de 5.

Para a obtención da nota empregaranse distintos procedementos, tanto probas prácticas, como observación directa por parte da persoa docente.

Ao ser unha materia eminentemente práctica, o procedemento de avaliación máis empregado será a observación directa a través de diversos instrumentos, principalmente rúbricas, listas de cotexo e escalas de valoración, en función dos contidos a desenvolver.

Atención especial require o alumnado que por diferentes motivos (lesiões, malestares diversos, etc) non pode seguir o ritmo das sesións ou facer a clase por un período de tempo indeterminado. Ao ser a nosa materia práctica, intentarase que na medida do posible se incorpore ás sesións facendo as adaptacións oportunas. De non ser posible, determinarase o rol que deberá desempeñar, en función do tipo de sesión que se estea a desenvolver: árbitro, apoio aos compañeiros, alumno avantaxado, axudante da persoa docente, etc. Tamén poderán solicitarse a realización de traballos escritos ou probas escritas. Para a avaliación deste alumnado empregaranse rúbricas específicas segundo o papel desempeñado que poderá complementarse con traballos escritos.

En canto aos instrumentos de avaliación das unidades didácticas, aclarar que o tipo de instrumento establecido é sempre a táboa de indicadores, xa que a nosa materia é eminentemente práctica, e ademais é unha limitación da aplicación. Non obstante, consideramos que dentro desta tipoloxía entran tamén as probas escritas.

Nest nivel concederáselle especial importancia ó día a día, é dicir, que teranse moi en conta os aspectos de traballo na aula-ximnasio, debendo realiza-las actividades propostas, demostrando un traballo constante.

Distribución porcentual:

A cualificación de cada trimestre obtense:

- 50% da nota: Traballo diario, que engloba: traballo diario, nivel de esforzo, nivel de destacamento nas actividades

propostas, interese, puntualidade, e recollida e tratamento do material.
- 50% da nota: Probas físicas.

Criterios de recuperación:

Para recuperar as U.D. non superadas:

Seguindo a orde do 25 de xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación en E.Primaria, Secundaria e Bacharelato no sistema educativo de Galicia desaparece a convocatoria extraordinaria en Secundaria.

-Nos cursos da ESO, a 3ª avaliación e a Ordinaria serán en xuño. Membargantes, antes de finalizar a terceira avaliación realizaranse as actividades de recuperación para o alumnado que o precise. Deste xeito o alumnado que non teña un media de 5 poderá acadar esta calificación.

A finais de curso levarase a cabo a avaliación ordinaria. A cualificación resultará da media aritmética dos tres trimestres. Esta media modificarse en positivo, nunca en negativo, a partir dos resultados acadados tralas actividades de reforzo e recuperación.

-O alumnado de 1º de ESO ten un caderno de traballo que pode entregar voluntariamente en xuño, con tódolos contidos traballados ao longo do curso. Seguindo unha rúbrica, este caderno pode subir ata 1 punto a media final.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

O alumnado que entra en 1º ESO entra nunha nova etapa educativa. Isto quer dicir que non trae a materia pendente. Nembargantes, o primeiro mes de curso sí se pasará unha batería de tests físicos estandarizados para detectar posibles deficiencias ou nivel de cada quen con respecto o seu grupo de idade. Estes datos serán comentados na reunión de avaliación inicial.

6. Medidas de atención á diversidade

Terase en conta o tratamento da diversidade do alumnado con respecto aos diferentes ritmos de aprendizaxe, capacidades e motivación que desenvolve cada alumno ou alumna do curso.

O profesor desenvolverá diferentes estratexias de ensino co fin de facilitar as aprendizaxes das alumnas e os alumnos en función das súas necesidades concretas.

Como vías concretas de actuación podemos sinalar as seguintes:

-Conveniencia da interacción entre os alumnos como factor favorecedor da aprendizaxe. O traballo en grupo, alternado co individual pode ser utilizado con diferentes intencións para traballar diferentes niveis de dificultade.

-Organizar e presentar os contidos de forma interrelacionada con outras áreas dado que facilita a súa xeneralización e aplicación a situacións novas.

-Utilización de materiais didácticos variados e graduais en función da dificultade.

-Centrar a atención máis no proceso, que no resultado do alumno.

-Considerar a avaliación como un instrumento ao servizo do proceso de ensino-aprendizaxe, e non como a culminación do mesmo.

Todas estas actuacións levaranse a cabo mediante:

-Introdución-motivación, para favorecer o interese e participación dos alumnos na aprendizaxe.

-Diagnóstico de coñecementos previos, que permitan expresar os seus acertos e erros conceptuais.

-Consolidación, para contrastar e establecer relacións entre as novas ideas e as previas dos alumnos.

-De ampliación de autonomía que axuden á adquisición de destrezas relacionadas co aprender a aprender.

-Alumnos con altas capacidades:

Segundo o establecido na ORDE do 28 de outubro de 1996 pola que se regulan as condicións e o procedemento para flexibiliza-la duración do período de escolarización obrigatoria dos alumnos con necesidades educativas especiais asociadas a condicións persoais de sobredotación intelectual, un alumno poderá ser adiantado un ano durante a etapa de secundaria.

A sobredotación intelectual dun alumno ou alumna deberá ser acreditada mediante a avaliación psicopedagóxica correspondente. Nela deberase prever que a medida de flexibilización do período de escolarización é adecuada para

o desenvolvemento do equilibrio persoal e da socialización do alumno ou alumna

En Educación Física atopamos a alumnos/as certamente aventaxados a nivel físico e motriz respecto ao resto de compañeiros, destacando especialmente no desenvolvemento de algúnhas unidades (por exemplo, Condición Física e especificamente algún deporte).

Con estes alumnos/as utilizaremos estilos de ensinanza participativos que fagan que estes alumnos/as se impliquen no proceso de ensinanza e aprendizaxe favorecendo así súa motivación e súa implicación cognitiva.

-Alumnos con necesidades educativas significativas

Cando as dificultades son xerais e permanentes levaranse a cabo adaptacións curriculares significativas en colaboración co departamento de orientación do I.E.S. De cada unha delas quedará constancia no departamento. Enténdese por estas as que consisten na eliminación de contidos esenciais ou obxectivos xerais e a conseguinte modificación dos respectivos criterios de avaliación.

Cando o Departamento de Orientación teña diagnosticados os alumnos con necesidades educativas especiais, ou o profesor de área detecte dificultades para seguir o currículo ordinario se establecerán as Adaptacións Curriculares máis adecuadas ás súas peculiaridades e características.

Existe un modelo para as adaptacións curriculares que o profesor adaptará a cada alumno en concreto. Estableceranse para cada alumno, dun xeito xeral:

-Os antecedentes sociais, persoais e académicos do alumno.

-Os recursos persoais e materiais con que se conta.

-Os obxectivos a conseguir.

-Os contidos exixibles.

-A metodoloxía que se vai a empregar.

-As posibles adaptacións das actividades de aula.

-Os criterios de avaliación e criterios de cualificación que se van a aplicar.

-Programa de reforzo:

O alumnado con dificultades tamén ten a posibilidade de incorporarse a un programa de reforzo en aquelas materias que teña dificultades. Cando un alumno ou alumna asista a un programa de reforzo nunha área determinada poderá quedar eximido da realización do programa específico personalizado nesa área.

En relación a nosa materia específica, faremos unha avaliación inicial nos primeiros días de curso para detectar carencias e necesidades, que puideran xurdir a causa do trimestre que os nosos alumnos seguiron as clases telemáticamente no curso pasado. Estas carencias serán tidas en conta para o desenvolvemento e consecución dos obxectivos mínimos, para facer os axustes curriculares necesarios e, asemade, serán expostas nas reunións de avaliación inicial co resto do equipo docente de cada grupo.

Este tema aparece máis detallado no apartado 16.8.

-Programa de reforzo con atribución horaria:

O alumnado de 1º curso que accedese á Educación Secundaria Obrigatoria por imperativo legal, aquel que repita 1º curso, aquel que promocionase a 2º curso sen superar todas ou algunha das áreas instrumentais ou aquel que repita 2º curso, poderá seguir un programa de reforzo con atribución horaria.

O alumnado de 1º e de 2º cursos da Educación Secundaria Obrigatoria que curse os programas de reforzo de áreas instrumentais básicas quedará exento de cursar a materia de 2ª Lingua Estranxeira. A organización será de dúas horas semanais.

-Aula de convivencia:

No centro cóntase cun Aula de convivencia para atender aqueles alumnos cunha conduta disruptiva durante as clases.

O funcionamento de esta aula está explicado no protocolo correspondente.

EXENCIÓNS TOTAIS OU PARCIAIS:

O alumno cunha situación persoal que desaconselle total ou parcialmente a práctica de actividades físicas máis ou menos intensas, non pode quedar desvinculado da Educación Física, e de moitas situacións nas que se establecen relacións lúdico-deportivas, e que se dan moitas veces nas clases. Polo contrario, enténdese que incluso aquí, a súa participación en funcións auxiliares (cronometrador, árbitro, xuíz, reporteiro...), pode ser positiva nas súas relacións co grupo ó que pertence.

Ademais, a maioría dos motivos da exención soen ter un carácter transitorio en menor ou maior prazo, que non exclúe a recuperación ou rehabilitación futura.

Nesta liña, a situación académica dos alumnos/as nesta condición establécese en función dunhas actividades alternativas que lle permitan a consecución, polo menos, dos mínimos fixados (Pode estar privado do plano

procedimental, pero pode reflexionar sobre o traballo práctico dos seus compañeiros, e así contrarrestar esa parte pola vía dos conceptos e das actitudes).

Queremos lembrar e deixar ben claro que, ademais, segundo a Orde do Ministerio de Educación y Ciencia nº 17207 do 10 de Xullo de 1995 BOE 15 de Xullo de 1995, di que a dispensa de cursar esta materia limitárase ós alumnos maiores de 25 anos.

-Exencións parciais:

Aqueles trastornos ou patoloxías que desaconsellen á realización dalgunha actividade en particular do currículo, podendo levar á práctica ás restantes.

Tamén se considerarán neste caso, as lesións circunstanciais que, pola súa gravidade, afectan a unha parte importante da programación.

O alumno deberá presenta-lo motivo da súa exención mediante un CERTIFICADO MÉDICO OFICIAL indicando a data, que coincidirá coa semana na que se produciu a lesión, diagnóstico da mesma, e tempo aproximado de recuperación.

-Exencións totais:

Aquelas alteracións funcionais que desaconsellan totalmente a práctica da actividade física intensa durante todo o curso escolar.

Tamén se inclúen, aquelas lesións circunstancias que, pola súa grande importancia afecten á totalidade do curso. O alumno exento da parte práctica durante todo o curso deberá presentar un CERTIFICADO MÉDICO OFICIAL nos mesmos termos que en casos anteriores, durante a semana seguinte á súa incorporación a clase.

Os/as alumnos/as que padezan unha lesión grave uns días antes ó exame de setembro deberá presentar asimismo dito certificado nos mesmos termos que en casos anteriores.

Os alumnos con NEE coma é o caso dos discapacitados físicos, seguirán as ACIs elaboradas polo profesor en colaboración co departamento de Orientación.

Obxectivos:

Para aqueles alumnos/as que non poidan desenvolver-la parte práctica do currículo, son os seguintes:

- Dotalos duns coñecementos sobre aspectos teóricos do movemento humano e a súa realidade sociocultural.
- Desenvolver unha capacidade crítica ante as diferentes formas, prácticas e usos sociais da actividade físico-deportiva.
- Dende unha perspectiva interdisciplinar, considéranse tamén obxectivos, o desenvolvemento da capacidade de análise de textos e a familiarización co manexo bibliográfico...
- Participar e relacionarse cos seus compañeiros en tódalas actividades nas que poidan, para desviarse o mínimo posible do currículo ordinario.

-Contidos:

Para estes alumnos, centraranse, obviamente, no marco teórico da asignatura. Aparte da realización das probas escritas, que serán obrigatorias para tódolos alumnos, deberán realizar un traballo por cada U.D. (non realizada na súa parte práctica), de revisión bibliográfica e reflexión persoal respecto ós bloques temáticos estudados ou temas de interese físico-deportivo e que coinciden cos que se expoñen no apartado 4 (tratamento para o fomento do plan lector).

-Criterios de avaliación:

Os puntos que desenvolven cada tema, fano a título orientativo, podendo ser abordados ou non, en maior ou menor profundidade, total ou parcialmente, quedando a xuízo do alumno a perspectiva dende a que se aborda os temas elixidos en cada unidade.

Cada alumno deberá elixir e desenrolar un tema do conxunto proposto para cada nivel por cada U.D. non realizada.

Os traballos deberán constar de: -Índice; introdución, desenrolo do tema, conclusións e bibliografía consultada.

A elección de cada tema deberá realizarse dentro da 1ª quincena de cada trimestre, deberá comunicalo o profesor a efectos de estudar conxuntamente o desenvolvemento do tema, referencias bibliográficas, etc.

A entrega de traballos deberá realizarse nas datas correspondentes á realización dos controis finais de cada avaliación.

Unha vez realizado, entregado e avaliado cada traballo polo profesor, ofrecerase ó alumno, mediante unha entrevista persoal, os resultados da valoración do seu traballo por parte do educador, e a súa cualificación correspondente.

As orientacións recibidas na entrevista serviránlles ós alumnos para a planificación e realización de sucesivos traballos.

-Días puntuais que o alumno non fai práctica:

Aqueles días que, por mor de non trae-la roupa de deporte, indisposicións pasaxeiras, etc., o alumno non dispoña

face-la sesión práctica coma o resto dos seus compañeiros, non será eximido de participar na clase. Por tanto, deberá supli-las actividades prácticas por outras que lle permitan achegarse ós obxectivos da sesión, coma facer lecturas e fichas sobre os contidos que eseamos a traballar, ou colaborar co profesor e a clase en tarefas de cronometrador, axudante na recollida de material, ou calquera outra labor de utilidade para el mesmo e para ó resto dos seus compañeiros.

O alumnado de 1º ESO deberá traer a clase a libreta para traballar, sempre que exista unha causa xustificada para non poder seguir a clase práctica.

- Adaptacións curriculares:

Para aqueles alumnos que presenten necesidades educativas especiais e polas súas circunstancias non sexan quen de acadar os mínimos esixidos para o seu nivel, elaborárase unha adaptación curricular, que será enviada a Inspección para a súa aprobación, co fin de que podan ser atendidas esas necesidades especiais.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - COMPRESIÓN DE LECTURA	X	X	X
ET.2 - EXPRESIÓN ORAL E ESCRITA	X	X	X
ET.3 - COMUNICACIÓN AUDIOVISUAL	X		
ET.4 - COMPETENCIA DIXITAL	X	X	X
ET.5 - EMPRENDEMENTO SOCIAL E EMPRESARIAL	X	X	X
ET.6 - FOMENTO DO ESPÍRITO CRÍTICO E CIENTÍFICO	X	X	X
ET.7 - EDUCACIÓN EMOCIONAL E EN VALORES	X	X	X
ET.8 - IGUALDADE DE XÉNERO	X	X	X
ET.9 - CREATIVIDADE		X	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Patinaxe sobre xeo	Ao remate do primeiro trimestre o alumnado irá á pista de patinaxe de xeo de Vigo. A actividade será proposta unha vez que o alumnado estea avaliado, en horario lectivo e próximo as vacacións de Nadal.			

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE
TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS
MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE
INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN

Descrición:

O proceso de ensino esixe unha avaliación continua para ir axustando a programación. Esta avaliación permite ir detectando necesidades e buscando o axuste, as correccións precisas e as medidas que se consideren oportunas en cada momento.

Propóñense uns aspectos da programación e do procedemento de ensino-aprendizaxe, e uns indicadores, que a persoa docente pode avaliar, escollendo os instrumentos que considere máis axeitados (cuestionarios, listaxes de control ou rexistro de datos, entrevistas, observador externo ou ben comparar a experiencia con outros compañeiros e compañeiras docentes). Nesta proposta poden surpimirse puntos e engadirse outros que a persoa docente considere.

RENDEMENTO DO ALUMNADO E RESULTADOS DE APRENDIZAXE:

Análise dos resultados obtidos na avaliación final. O 80% do alumnado aproba a materia.

TEMPORALIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN E DAS UNIDADES DIDÁCTICAS.

Mediante unha listaxe de control reflectirase si a temporalización foi axustada e houbo tempo de levar a cabo, tanto as UD como a programación xeral.

DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DAS UNIDADES DIDÁCTICAS:

Avaliación de recursos, materiais, actividades, instrumentos de avaliación e criterios de cualificación. Utilizaranse 2 instrumentos de avaliación: unha enquisa ao alumnado de cada grupo, e unha reflexión persoal do docente baseada na experiencia co grupo e no rexistro diario de clase. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

MOTIVACIÓN DO ALUMNADO, AMBIENTE NAS SESIÓNS E ACTUACIÓN PERSOAL DA PERSOA DOCENTE:

Avaliarase a través dunha enquisa ao alumnado, a través da reflexión persoal da persoa docente baseada no rexistro diario de clase e cun feed-back obtido das entrevistas ou titorías coas familias. O 75% do alumnado, nunha escala de 0 a 5, puntúa con 3 ou máis este apartado.

INFORMACIÓN AO ALUMNADO E ÁS FAMILIAS DA PROGRAMACIÓN:

Mediante unha listaxe de control avaliarase si alumnado e familias foron informados en tempo e forma do contido desta programación didáctica a través da páxina web do centro. Ademais o alumnado tivo unha información constante ao longo do curso do relativo ao desenvolvemento da mesma.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O seguimento da programación é indispensable para ir avaliando procedementos, as actividades levadas a cabo e os resultados alcanzados polo alumnado, e así ir facendo as modificacións que se consideren oportunas para finalmente reflexionar acerca das posibles propostas de mellora. O coñecemento dos resultados obtidos neste proceso de seguimento e avaliación tamén establecerán un novo punto de partida de cara ao próximo curso e cara a unha nova intervención docente.

O seguimento da programación realizarase a través da sección de "Seguimento" da Aplicación PROENS. Nesta sección indícarase a data de inicio e fin da UD, o número de sesións previstas, o número de sesións realizadas, o grao de cumprimento da programación (baixo-medio-alto), as propostas de mellora e calquera observación que se considere oportuna..

Propóñese facer o seguimento e a avaliación da programación nos seguintes prazos:

- Ao remate de cada unidade didáctica: avaliarase a eficacia das actividades plantexadas, a consecución de obxectivos por parte do alumnado, as dificultades atopadas, as necesidades de medidas de reforzo, os materiais e recursos empregados, outros instrumentos, etc.

- Ao finalizar o trimestre, onde analizaranse as unidades didácticas levadas a cabo, factores favorables e dificultades atopadas na temporalización das mesmas e resultados acadados polo alumnado. No caso de que quedara sen impartir algunha UD, o seu peso repartirase equitativamente entre o resto de U.D. impartidas no trimestre.

- Ao finalizar o curso escolar.

As propostas de mellora reorientarán e modificarán a nova programación, se é o caso, e unha vez discutido no seno do departamento (reorientarán as estratexias para desenvolver contidos, reforzarán aspectos varios, variarán procedementos, etc....) sempre buscando a optimización do proceso e o aproveitamento dos recursos. Estas propostas deberán quedar reflectidas na memoria final do departamento.

9. Outros apartados